

COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO ACORDO DE SELECCIÓN TEMPORAL, ACCESO INTERNO E ADSCRICIÓN PROVISIONAL

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Manuel Fernández Jauregui, Xerente
Emilio Martínez Rivas, Vicexerente de Recursos
Humanos
José M. Fernández Viña, Xefe Servizo de PAS
Carmen Romero Casal, Xefa do Negociado de
Selección e Provisión, Secretaria. Substitúe nesta
función a Margarita González (permiso)

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

Luís Pérez Gómez, Presidente (CIG)

COMITÉ DE EMPRESA DE PONTEVEDRA

Marcos Estévez Orge, Presidente (CC.OO.)
Ángel Torreiro Varela (UXT)
J. Andrés Zapirain Fernández (UXT)

XUNTA DE PERSOAL FUNCIONARIO

Xoan Cebro Rodríguez, Presidente (CIG)
María Fariza Novoa (CC.OO.)
José Santiago Santos García (UXT)

Acta da reunión celebrada ás
12:30 horas do 3 de decembro de 2010,
na sala de xuntas nº 1 da Xerencia, coa
asistencia das persoas que se citan á
marxe e de acordo coa seguinte (que tivo
continuación o 9 de decembro ás 12 h.)

ORDE DO DÍA

1. Sinatura da acta do 18.10.10.
2. Convocatoria de lista de agarda de
Técnico Superior de Análise Instrumental
(RMN).
3. Rogos e preguntas.

1. SINATURA DA ACTA DO 18 DE OUTUBRO DE 2010.

Luis Pérez solicita que na súa intervención recollida no derradeiro parágrafo da páxina 2 se substitúa “sempre” por “tamén”.

Xan Cebro considera, así mesmo, que a súa intervención recollida nesa mesma páxina non se axusta ao que el manifestou polo que fará chegar por correo electrónico o que desexa que conste.

No restante a acta considérase aprobada.

2. CONVOCATORIA DE LISTA DE AGARDA DE TÉCNICO SUPERIOR DE ANÁLISE INSTRUMENTAL.

O Vicexerente de Recursos Humanos comenta certos erros padecidos no texto remitido, corrixíndoos.

Luís Pérez e Marcos Estévez maniféstanse contrarios a que as convocatorias resulten tan específicas, ligadas a un área moi concreta e mesmo a instrumentos de traballo concretos. O Vicexerente acepta que a denominación sexa: TS de Análise Instrumental. Por outra parte e escoitadas as intervencións dos comités de empresa ao respecto, comenta que a proposta alude a unha única proba que consta de dúas partes.

Luís Pérez pregunta por qué se está a facer unha convocatoria senón existe de xeito inmediato a necesidade de contratar. O Vicexerente informa que se prevé unha substitución por maternidade. Luís Pérez solicita que entón este mesmo criterio se estenda ás demais categorías que carecen ou teñen esgotada a lista de agarda, co que está de acordo o Vicexerente, ao que empra para revisar outras categorías nas que requiran ampliación e priorizalas.

Cinguíndose á redacción da convocatoria, Luís Pérez manifesta que hai que axustala ao establecido no Acordo de selección temporal, acceso interno e adscrición provisional. Por outra parte, considera que non é de decoro que un delegado sindical represente á empresa no tribunal, mentres María Fariza e Marcos Estévez explican que non é un representante sindical senón un delegado de persoal. Con todo, Luís Pérez mantén que representa aos traballadores polo que non resulta estético.

O Vicexerente de Recursos Humanos comenta que como empresa non vai deixar de aceptar as propostas que lle realicen por parte dos representantes do persoal. Continúa explicando que nas convocatorias trata de manter o necesario equilibrio entre denominacións das prazas nelas e contido dos postos, para que nin sexan excesivamente xeralistas nin tan específicas que poidan ser útiles só a curto prazo.

Luís Pérez expresa a súa desconformidade co conxunto da convocatoria, xa que na súa opinión directamente non se debería convocar esta ampliación.

Tampouco A. Torreiro está de acordo nin coa designación dun representante do persoal na comisión de valoración nin coa estrutura porque non se axusta a estrutura de convocatorias anteriores, por exemplo no feito de que en lugar de dúas probas se fale dunha proba con dúas partes. No mesmo sentido exprésase Luís Pérez.

O Vicexerente de Recursos Humanos explica que o seu interese radica en que ninguén poda superar a proba sen superar a 2ª parte, por iso se esixe ademais de obter 37,5 puntos no conxunto da proba, obter 7,5 na 2ª parte. Admite finalmente que a denominación sexa: T.S. Análise Instrumental. Solicita que o antes posible, o Comité de Empresa de Ourense propoña un membro da comisión. Luís Pérez indícao: Fernando Casal Lago.

3. ROGOS E PREGUNTAS.

O Xefe do Servizo de PAS expón que producida unha vacante de T.E. Servizos Xerais na F. Dereito – F. C. Empresarias e Turismo de Ourense tralo falecemento do titular, plantéanse distintas situacións na súa cobertura:

- a) Unha ATSX con destino definitivo en Vigo preguntou sobre a posibilidade de que unha vez aceptada pola súa parte esa oferta, se lle oferte a vacante desta mesma categoría que se producirá en abril no campus de Vigo (ámbito científico) como consecuencia da xubilación do seu titular, mediante a concesión dun traslado de campus. O Servizo de PAS informoulle que non se lle concedería dito traslado porque este se concedería a traballadores fixos da categoría á que corresponda a praza a cubrir, non a persoal fixo pero doutra categoría.
- b) Criterio a seguir no caso previsible de que se esgote a actual lista de agarda.

Luis Pérez considera que esta traballadora tería dereito a este traslado alegando conciliación familiar. Pola parte da xerencia se expón que hai que ter en conta que esta traballadora aceptaría voluntariamente o cambio de campus, de Vigo a Ourense, polo que se despois pretende volver ao campus de Vigo, localidade onde radica o seu posto definitivo, máis que por conciliación familiar por localidade de residencia, que é o suposto que se prevé no Acordo, o procedente sería que voltase ao seu posto definitivo como ATSX, e non utilizar a vía do traslado para en realidade ocupar un praza distinta de TESX mediante funcións de categoría superior noutro campus.

A maioría dos restantes membros da parte social se mostran contrarios a que se lle conceda ese posible traslado estando en funcións de categoría superior

Como a Xerencia debe asistir a outra reunión fixada ás 13:30 horas, acórdase continuar o xoves ás 12 horas, polo que sendo as 13:50 h. ponse fin por hoxe.

COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

CONTINUACIÓN (3 decembro de 2010)

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Manuel Fernández Jauregui, Xerente

Emilio Martínez Rivas, Vicexerente de Recursos Humanos

José M. Fernández Viña, Xefe Servizo de PAS
Carmen Romero Casal, Xefa do Negociado de Selección e Provisión, Secretaria. Substitúe nesta función a Margarita González (permiso)

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

Luís Pérez Gómez, Presidente (CIG)

COMITÉ DE EMPRESA DE PONTEVEDRA

Marcos Estévez Orge, Presidente (CC.OO.)

Ángel Torreiro Varela (UXT)

J. Andrés Zapirain Fernández (UXT)

XUNTA DE PERSOAL FUNCIONARIO

Xoan Cebro Rodríguez, Presidente (CIG)

María Fariza Novoa (CC.OO.)

José Santiago Santos García (UXT)

Acta

O 9 de decembro de 2010, ás 12 h na sala de xuntas nº 1 do Edificio da Xerencia, coa asistencia das persoas que se citan á marxe e de acordo coa seguinte, continúaase a reunión celebrada o 3 de decembro de 2010, no punto

3. Rogos e preguntas.

3. ROGOS E PREGUNTAS.

L. Pérez considera que J.A. Zapirain nin asistiu a sesión anterior nin na súa condición de delegado sindical pode participar nesta reunión. O aludido responde que ten dereito a asistir á Comisión de Política de Emprego, contestándolle L. Pérez que esta é unha continuación da reunión da C. de Seguimento do Acordo de selección temporal, acceso interno e adscrición provisional, pero que ademais se acordara que os membros desta comisión serían os mesmos cos da C. de Política de Emprego.

O Vicexerente de Recursos Humanos precisa que se trata dunha continuación da reunión da C. de Seguimento do 3 decembro, tal e como ao final da mesma se acordara.

Retómase a cuestión da cobertura da vacante de T.E. Servizos Xerais na F. Dereito – F. C. Empresarias e Turismo de Ourense e as incidencias que isto conleva na xestión da respectiva lista de agarda:

- oferta de interinidade en vacante a persoas que xa ocupan un contrato/nomeamento desta natureza
- traslado de campus do persoal laboral fixo en funcións de categoría superior, a postos desta última categoría
- cobertura da vacante de TESX en caso de que se esgote a lista de agarda

X. Cebro solicita os informes dos responsables sobre prazas fóra da RPT e manifesta que todas as prazas de RPT se teñen que ofrecer do mesmo xeito, por iso os membros das comisións de Política de Emprego e de esta comisión deben ser os mesmos. Observa contradicións entre o Convenio colectivo e o Acordo de criterios de xestión de listas de agarda, estimando que a Comisión está para interpretar a norma. É partidario de publicar todos os Acordos para que os coñezan todos os interesados. Se hai diferentes interpretacións, hai que poñerse de acordo ou denunciar o Acordo.

L. Pérez opina que non existe tal contradición e reitera os argumentos relativos ao dereito dos traballadores aos que se lle concederan funcións doutra categoría de obter un traslado fronte á opinión da Xerencia e da maioría dos restantes membros de que os traslados deben concederse ao persoal laboral fixo entre postos da súa categoría definitiva.

Por outra parte, tamén reitera o desacordo manifestado na anterior reunión desta comisión (maio 2010) no que se refire a non ofertar contratos de interinidade aos traballadores que xa teñen este vínculo, pois non facelo considera que é contrario ao Convenio colectivo e ao Acordo.

J.A. Zapirain coincide con que non ofrecelo é incumprir o Acordo.

Os restantes membros da Comisión non consideran oportuno modificar nestes momentos, a piques de concluír diversos procesos selectivos, os criterios de xestión que se veñen aplicando.

Xan Cebro considera que a aplicación do Acordo pola Xerencia é correcta e que estas regras son coñecidas polos afectados.

L. Pérez afirma que el non está a opinar sobre a súa aplicación ou non ao PAS funcionario, senón que só require que se aplique ao PAS laboral.

Xan Cebro opina que cambiar agora as regras sería inxusto, sobre todo estando próximos a coñecer os resultados das oposicións, porque moitos o poderían entender como unha modificación dirixida para favorecer a certas persoas, tanto PAS funcionario como laboral. Parécelle máis coherente que cando rematen os procesos de selección se apliquen os criterios que aprobe a comisión.

Marcos Estévez maniféstase de acordo con Xan Cebro, poñendo de relevo que este tema xa foi discutido abundantemente en maio cando se decidiu continuar aplicando os criterios como se viña facendo.

J.A. Zapirain esta comisión non ten capacidade negociadora polo que non pode desvirtuar o que establece o acordo, afirma que neste caso se reserva a posibilidade de denunciar as resolucións ou decisións que non se adapten ou sexan contrarias ao establecido en dito acordo. X. Cebro, pola súa parte, tamén o denunciaría en caso de que agora se cambiasen os criterios. Os outros membros indican que calquera das partes ten esa posibilidade, pero L. Pérez non se mostra partidario de esta alternativa porque daría lugar a unha situación aínda peor, quedar sen regras na xestión de listas de agarda ata a aprobación doutro acordo. Por iso reitera que acepta a aplicación que se está a facer ata a entrada en vigor das novas listas de agarda.

X. Cebro cita o 2º párrafo do artigo 5 do Acordo sobre criterios de incorporación e cesamento do PAS: “Producidas as incorporacións, as incidencias que se xeren con posterioridade resolveranse consonte a orde correspondente, sen que caiba reelección.”, é dicir, que non procede volver a ofrecer interinidades a quen xa obtivo unha. L. Pérez e J.A. Zapirain non están de acordo con esta interpretación mentres os demais membros si o están.

En relación co criterio a seguir no caso de que se esgote a lista de agarda para cubrir a vacante de TESX na F. de Dereito- F. de Empresarias e Turismo, acórdase aplicar con carácter excepcional o criterio acordado tamén con este carácter en febreiro de 2009 pola Comisión de Política de Emprego, nos termos que se expoñen nas conclusións.

O Xerente expón as conclusións do debate:

- a) O traslado do PAS fixo que o solicite farase unicamente entre postos que correspondan á súa categoría definitiva.
- b) Esgotada a lista de agarda, con carácter excepcional, aplicarase o seguinte criterio: ofrecerase aos Auxiliares Técnicos de Servizos Xerais (ATSX) que cumpran os requisitos de titulación ordenados polo criterio de maior antigüidade, en primeiro lugar do mesmo centro, ámbito e campus; finalmente ofertarase aos ATXS dos restantes campus.

A aceptación da oferta realizada nestas circunstancias non implicará o dereito a figurar, por tal motivo, na lista de agarda esgotada.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 14 horas, da que como Secretaria redacto esta acta.